

DIARIOS DE VIAXE INÉDITOS DE VALENTÍN PAZ-ANDRADE. “DO AIRE ATLÁNTICO AO MAR PACÍFICO”¹

Emilia García López
Consello da Cultura Galega

*Fixen un cruceiro pol-o Pacífico.
Algún día, se tes paciencia, pode-
rás ler o relato d-este periplo*².

Resumo: As notas publicadas recentemente como diarios de viaxe de Valentín Paz-Andrade (Lérez, Pontevedra, 1898-Vigo, 1987) permanecían inéditas, desde hai sesenta anos, nas gabetas da súa marabillosa biblioteca da súa casa Pousa Nova do Mar en Samil (Vigo).

O seu autor, poeta, xornalista, economista, empresario e tamén político galeguista, percorreu o Novo Continente, desde Canadá ata Chile, na década dos cincuenta do século pasado. Viaxou como Delegado para América Latina da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO), pois era un recoñecido especialista en economía pesqueira.

O resultado daquela experiencia recolleuno o autor nuns textos que na súa inmensa maioría permaneceron inéditos e que se caracterizan por unha prosa riquísima que combina o lirismo fondo do poeta cunha análise profunda e certa dos lugares, xentes e acontecementos, que ía atopando ao seu paso. Os lugares dos que os textos gardan testemuño foron: Nova York, México: Guanajuato, Jalisco, Pátzcuaro; Colombia: Val do Cauca, Illas Gorgonas, Cali, Tumaco, Buenaventura, Cartaxena de Indias; Brasil: costa do Estado de Pernambuco e finalmente chegada a Santiago de Chile.

Estas notas, ás veces manuscritas e outras pasadas a máquina, foron descubertas grazas ao esforzo e apoio do Consello da Cultura Galega para a organización e dixitalización do arquivo persoal do autor, e tamén á grata disposición da familia de Valentín Paz-Andrade, co fin de que, en 2012, o fondo persoal do autor estivera a disposición dos investigadores durante a celebración do Día das Letras Galegas.

- 1 Este título aparecía así escrito a man no sobre no que se gardaba parte dos textos inéditos, que foron publicados posteriormente.
- 2 Carta de Valentín Paz-Andrade a Carlos Maside, desde Bogotá, de 22 de abril de 1955. O periplo ao que se refire corresponde ao texto inédito *Periplo del Pacífico Tropical*, rescatado no arquivo do autor.

Abstract: The notes that we are releasing as the travel diaries of Valentín Paz-Andrade (Lérez, Pontevedra, 1898 – Vigo, 1987) had remained unpublished for sixty years, kept in the drawers of his marvellous library, in his house Pousa Nova do Mar in Samil, Vigo.

The author of these notes, a poet, journalist, economist and businessman, and also a Galicianist politician, travelled across the New Continent, from Canada to Chile, in the 1950s; and he did so in his capacity as a FAO (Food and Agriculture Organization of the United Nations) delegate for Latin America, as he was a renowned specialist in fisheries economics.

The results of this experience were compiled in a number of texts, the vast majority of which had remained unpublished so far and which are characterised by their extremely rich prose, combining the poet's intense lyricism with a deep, accurate analysis of the places, people and events he was finding in his way. The places to which the texts bear testimony are: New York; Mexico: Guanajuato, Jalisco, Pátzcuaro; Colombia: Valle del Cauca, Gorgona Islands, Cali, Tumaco, Buenaventura, Cartagena de Indias; Brazil: coast of the state of Pernambuco; and his eventual arrival in Santiago de Chile.

Sometimes handwritten, sometimes typed, these notes were discovered thanks to the efforts and the support of the Consello da Cultura Galega (Council for Galician Culture) towards the organisation and digitisation of the author's personal archive, as well as the kind willingness of Valentín Paz-Andrade's family, so that the author's personal collection would be available to researchers in 2012 as a result of the celebration of Galician Literature Day in his honour.

Palabras chave: literatura de viaxes, textos inéditos, economía pesqueira, FAO, Valentín Paz-Andrade.

Key words: travel literature, unpublished texts, fisheries economics, FAO, Valentín Paz-Andrade.

Con motivo do acordo que a Real Academia Galega tomou en xuño de 2011 de dedicar a Valentín Paz-Andrade o Día das Letras Galegas de 2012, a súa familia toma a decisión de poñer en mans do Consello da Cultura Galega³ a ordenación e a dixitalización de parte do seu inxente arquivo persoal, depositado no domicilio do autor e custodiado fielmente por Pilar Rodríguez de Prada, a súa viúva.

3 A dixitalización do fondo do arquivo persoal consérvase no Consello da Cultura Galega. Arquivo dixital: Fondos particulares: Valentín Paz-Andrade.

Entre ese material documental tiven a fortuna de descubrir os textos –manuscritos, uns, e mecanografados, outros–, que foron ordenados por países e cronoloxicamente, e que en marzo de 2013 foron publicados como *Diarios de viaxe. Los itinerarios inéditos de América, 1952-1955 de Valentín Paz-Andrade* por Alvarellos Editora.

Estes textos, de marcado carácter literario, atopábanse inéditos, a excepción dos relativos a Nova York, que foron publicados, nos xornais *Informaciones* e *La Noche*, durante o ano 1955. Lamentablemente non se conservaron, no caso de que existiran, testemuños escritos de toda a súa actividade internacional, pero os que felizmente rescatamos son dunha riqueza e dun interese acordes coa envergadura intelectual do autor.

Quero deixar constancia do meu máis sincero agradecemento á Real Academia Galega e, en concreto, aos organizadores do Congreso Valentín Paz-Andrade, en cuxas actas se publica este texto, polas facilidades mostradas á hora de engadir a miña participación neste acto, presenza xustificada pola necesidade de facer pública a aparición deses textos inéditos.

Do mesmo xeito, agradézolle á familia de Valentín Paz-Andrade, en especial a Pilar, a súa viúva, que con mimo e tamén rigor conservou estes diarios, xunto a outros moitos documentos, no arquivo persoal e biblioteca do autor, na súa casa de Samil. Quero agradecerlle tamén a Alfonso Paz-Andrade, o seu fillo, o ter sabido conservar a memoria do seu pai e ter depositado en min a súa confianza ao acceder a que os textos rescatados foran publicados.

APUNTES BIOGRÁFICOS

Valentín Paz-Andrade foi unha gran figura do panorama cultural e político do século XX galego. A súa personalidade poliédrica e de gran curiosidade intelectual estivo marcada por un único obxectivo: traballar por e para Galicia desde as distintas tarefas ás que dedicou a súa vida: avogado, xornalista, político e home de empresa.

Naceu o 23 de abril de 1898 en Lárez (Pontevedra) e morreu en Vigo o 19 de maio de 1987. Licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago e foi desde sempre membro activo da vida universitaria. Na súa época de estudante inicia o seu achegamento ao galeguismo, guiado nos seus postulados teóricos polo feito que supuxo a creación das *Irmandades da fala*.

Sendo mozo, evidencia un especial talento xornalístico. Colabora en diferentes revistas como *Outeiro* e *O Ensino*. Nos seus artigos aborda temas de lingua e literatura galegas, dedicándolle unha especial atención á figura de Alfonso R. Castelao, a quen coñece nesa época.

A partir de 1921 exerce de avogado en Vigo. Entre 1922 e 1926 dirixe nesta cidade o xornal *Galicia*, unha alternativa liberal e democrática que aglutinaba

a destacadas personalidades da vida e a cultura galegas, entre elas a Alfonso R. Castelao, quen colaboraba cos seus debuxos e caricaturas. Este xornal foi pechado pola ditadura de Primo de Rivera.

Na vida política, milita no Partido Galeguista, do que foi activo fundador. En 1931 preséntase con Castelao e Ramón Cabanillas ás Cortes Constituíntes da II República, non saíndo electo por unha diferenza de poucos votos. En 1934 é nomeado secretario do Partido Galeguista, en substitución de Castelao, que fora desterrado a Badaxoz. En 1936 colabora na campaña polo Estatuto de Galicia. Nesta época asesoraba como avogado á asociación de armadores de buques de pesca *La Marítima*. Sufriu dous atentados, o primeiro en Vigo, e o segundo en Verín, onde fora desterrado despois do alzamento franquista. Máis tarde é desterrado de novo á Serra de Queixa e Pobra de Trives, en Ourense, onde coñece á súa dona, Pilar, coa que casa en 1939.

AS VIAXES

En xullo de 1950 viaxou en avión a Buenos Aires, convidado polo Centro Galego desta capital, para participar nas *Xornadas Patrióticas Galegas*. Nesta ocasión é recibido polo presidente Perón, e alí impartirá varios cursos e conferencias. Durante esta viaxe visita tamén Montevideo, São Paulo, Santos e Río de Janeiro.

En 1951, a proposta do diplomático galego, Bibiano Fernández Osorio-Tafall, que fora ex presidente da Asemblea de Municipios de Galicia en 1932, (impulsor do Estatuto), Valentín Paz-Andrade foi designado pola FAO para impartir cursos sobre economía pesqueira. Como técnico desta institución internacional, foi o primeiro especialista español proposto por esta organización das Nacións Unidas para misións internacionais en Hispanoamérica. Ao longo da súa traxectoria demostrou unha viva preocupación polos temas pesqueiros e pola problemática xeral socioeconómica de Galicia. Nesta faceta dirixiu a revista de economía e tecnoloxía *Industrias Pesqueras* e escribiu *Principios de economía pesqueira* (1954), o primeiro tratado sobre esta temática editado pola FAO.

Unha boa parte das viaxes realizadas entre os anos cincuenta e setenta do século XX sérvenlle para retomar o contacto directo cos amigos exiliados e para coñecer a vida dos emigrantes en varias cidades de Brasil, Arxentina, Uruguai, EEUU, México, Cuba, Colombia, Perú e Venezuela. Con moitos destes exiliados galegos comparte Valentín Paz-Andrade as súas experiencias e vivencias das viaxes, como veremos a continuación na correspondencia persoal do autor entre os anos 1954 e 1956, que complementa as crónicas de viaxe que o autor escribe.

En xaneiro de 1952 viaxa a Santiago de Chile para dirixir, na Universidade de Santa María de Valparaíso, un curso de economía pesqueira organizado tamén pola FAO. Desde alí trasladouse, no mes de marzo, a Buenos Aires.

En 1954, no mes de outubro, viaxa a Nova York, onde pasa uns días, de camiño a México. No D.F. mantén encontros cos exiliados galegos Arturo Souto e Jesús Bal y Gay, entre outros, tal e como conta o propio Valentín Paz-Andrade:

[...] A República sobrevivía coa súa Embaixada funcionando, desempeñada pol-o betanceiro Salvador Etcheverría.

Os demais amigos non todos radicaban na capital. En Guadalajara, Delgado Gurriarán, Esturáu e algún máis. En Veracruz, Marcial Fernández. En Puebla, Búa Rivas. Ao paso pol-as tres cidades estiven con eles horas de reverdecen-te fraternidade [...] Ademais dos citados contaba con outros valores, algúns sobranceiros. Lembro en primeiro recanto a Arturo Souto, no apoxeo da súa paleta. Ao musicólogo Xesús Bal e Gay Ao cineasta Carlos Velo. Ao profesor Luís Soto. A Uxío Souto, escultor. A Rodríguez de Breaña, secretario xeral do Padroado da Cultura Galega.

Sostiñan unha audición dominical n-unha emisora de moita audiencia. Editaran no mesmo ano un tomo de 350 páxinas, con título que o di todo: *Presencia de Galicia en México*⁴.

De encontros con exiliados galegos dálle conta Valentín Paz-Andrade a Rafael Dieste nunha carta de 29 de outubro de 1954:

Moi querido Rafael:

Volvo n-este intre de ter un ledizoso encontro, con Xermán Rañó e Xesús Dopico. C-o primeiro, reencontro, dende algún lonxano día das mocidades, n-aquel Rianxo frorecente d-esgrevios espritos, que era o de fai dúas ou tres décadas [...] ⁵.

Nesa viaxe trasládase a Mazatlán, visita Veracruz, Guanajuato e Pátzcuaro, e volta novamente á capital mexicana para impartir o Curso Latinoamericano de capacitación pesqueira organizado pola FAO.

En febreiro de 1955 viaxa a Bogotá, por encargo tamén da FAO, coa misión de realizar a ordenación económica e xurídica dos caladoiros de Colombia. Elaborou un proxecto de División de Pesquería e o Consello Nacional de Pesquerías para o goberno colombiano. Desde a capital vai a Cartaxena de Indias, Barranquilla e Santa Marta. No mes de marzo dese mesmo ano comeza un ciclo de conferencias que imparte na Universidade Jorge Tadeo Lozano de Bogotá, onde

4 Calvo, Tucho (2011): *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX*. Cesuras: Biblos, 247-248.

5 Carta de Valentín Paz-Andrade a Rafael Dieste, desde México, de 29 de outubro de 1954. Arquivo VPA.

permanecerá ata xuño dese mesmo ano. Así llo contaba a Francisco Fernández del Riego desde Bogotá, nunha carta do 8 de marzo de 1955, da que reproducimos un extracto:

Querido Paco:

Levo eiquí unhas tres semáns, que fan boa falla pra irse axeitando ao país. Chove na sabán central nove meses ao ano, ten tres ríos que son verdadeiros mares, dous océanos e infinidade de lagos e lagoas, costeiras e interiores. E sofre racionamentos de auga.

Teño xa coñecemento de catro cidades colombianas: Bogotá, Cartaxena, Santa Marta e Barranquilla. [...] Cartaxena un tesouro de carácter, arume de señoría colonial, murada e fortificada c-unha asombrosa magnitude. [...]

Presentei o primeiro proieuto ao Goberno, sobre organización administrativa das pesquerías colombianas, a base d-unha Dirección Xeral, delegacións rexionales e un Comité Nacional de Pesquerías, no que terán representación, ademais d-elementos oficiais, os industriaes. [...] O xoves 10 escomenzaréi un cursillo de conferencias na Universidade de Bogotá “Jorge Tadeo Lozano” especializada en recursos naturais. Encarregaron da presentación ao Dr. Álvaro Ortiz Lozano, Segretario Técnico da Presidencia da República, e home moi infruente no país. Despois darei en xoves sucesivos, outras cinco conferencias sobre a contribución dos recursos marinos a economía sudamericana. Parece que van ser radiadas pol-a Emisora Nacional e a das Forzas Armadas⁶.

Por outra banda, grazas ao seu labor como técnico internacional en relación coa ONU, entrará en contacto coas elites políticas deses países, pero tamén coas intelectuais, especialmente coas de Brasil, país ao que sempre se sentiu moi próximo.

Foron moitas máis as viaxes que Valentín Paz-Andrade realizou con posterioridade, sobre todo a partir da fundación, en 1960, de Pescanova, un proxecto empresarial do que foi pedra angular na súa creación e consolidación. A partir de entón, diversos países de América, Europa e África serán lugar de destino obrigado na súa actividade cotiá empresarial. Non se conservan testemuños escritos de todas estas viaxes, pero si dalgúns, nos que se narra as realizadas a América, que son os que se descubriron en outubro de 2011.

6 Carta de Valentín Paz-Andrade a Francisco Fernández del Riego, de 8 de marzo de 1954, desde México. Arquivo VPA.

OS DIARIOS

Nos relatos rescatados, o autor lévanos a cinco lugares. Por unha parte a tres grandes percorridos por Nova York, México e Colombia e, por outra, a Brasil e Chile.

O primeiro relato foi o titulado *Por la ribera del aire. Itinerario americano: Nueva York*. Trátase dun documento dun total de doce textos, escrito en 1954, no que narra a viaxe en avión, a estancia na cidade durante uns días e a súa saída en avión cara a México. Os títulos son os seguintes: "Las hoces del aire", "La tierra de las despedidas", "La noche atlántica", "La cortina de niebla", "El tráfico, la hierba y el Hudson", "Harlem negro y Harlem blanco", "Norteamérica o un estilo de vivir", "Un *college* en Poughkeepsie", "Los Puentes de Manhattan", "Éramos tres en Broadway", "Un día a ras de tierra" e "A México en *vol de nuit*".

Nunha carta a Francisco Fernández del Riego de 18 de outubro de 1954 desde México o autor anúncialle a existencia e a posible publicación deses textos e tamén lle dá conta das súas entrevistas con exiliados galegos en México:

[...] No sé aún si han comenzado unos artículos que me pidieron de INFORMACIONES y LA NOCHE. Hasta ahora hice doce, que comprenden la parte del viaje hasta New-York [...]

[...]Estuve con Souto, Bal y Dopico. Los tres han realizado aquí una labor considerable. Souto tiene embalados los cuadros para exponer en La Habana y seguir a Galicia. [...]

Bal y Gay ha compuesto varias obras musicales, editó cancioneros, hizo labor como crítico, desempeña funciones de asesoramiento musical en la Dirección General de Bellas Artes. Le he regalado el disco del Romance de D. Gaiferos, que agradeció vivamente.

Dopico fundó y dirigió el Patronato de la Cultura Galega, apolítico, con gran fortuna [...]⁷.

O segundo é un percorrido por algúns lugares de México que o autor titula como *Itinerario de Ultramar: México*, e do que forman parte, "Llegada a México", "Muchacha india en el Zócalo", "El hijo de la lluvia", "Los aztecas, el camino del mar", "Pátzcuaro, el lago de los muertos y los vivos", "Guanajuato, o el crepúsculo del oro" e "Jalisco: Nueva Galicia y Galicia" escritos tamén en 1954, de cuxa ruta dálle conta a Rafael Dieste:

7 Carta de Valentín Paz-Andrade a Francisco Fernández del Riego, de 18 de outubro de 1954 desde México. Arquivo VPA.

[...] O día 1 de nov. sahimos pra Mazatlán, onde pararéi no Hotel Belmar. Debemos chegar alí o 4. Penso ir 2 ou 3 días a California –San Diego, cecais Los Angeles– e o día 13 estaremos de retorno na capital. D-eiquí voltaremos o 15 a sahir pra Veracruz, deica o 27. Despois, de novo na capital. Sobre o 8 ou 10, vía New-York, penso tomar o avión de retorno a Europa. [...]⁸.

O terceiro dos destinos sería Colombia, o país ao que lle dedica máis textos, escritos en 1955, froito da súa experiencia como técnico da FAO, pola que é contratado, xunto co goberno colombiano, para realizar un estudo sobre economía pesqueira en Colombia.

Para levar a cabo a parte práctica deste traballo, embárcase no *Andagoya*, e, a bordo deste, escribe *Periplo del Pacífico Tropical*⁹. Desta viaxe tamén temos testemuño do propio Valentín Paz-Andrade:

O Pacífico ofrece perspectivas mais inmediatas. Principalmente pol-a súa riqueza nas dúas especies mais prolíficas de túnidos: o *yellow fin* e o *spijack*. [...] Con o obxectivo principal de conocer mais de perto tan fabulosa riqueza fixen un cruceiro desde Buenaventura a Tumaco, a bordo dunha pequena cañoneira, *Andagoya*, que dispuxo con tal fin o Goberno. O periplo comprendía a costa colombiana do Pacífico até a fronteira do Ecuador, con escada a ida e a volta nas illas Gorgonas. [...] Un mini-cruceiro sobre o cal semellaban nos facer compañía as sombras de Carlos Darwin e de Alexandre Humboldt¹⁰.

Os textos dedicados a Colombia inclúen tamén unha magnífica descrición de Cartaxena de Indias titulada “Cartagena de Indias, en la brisa del Caribe” e, por último, unha terceira parte, a que dedica a describir o Val do Cauca. O autor titula este último relato *El valle interandino de las garzas blancas*.

Os relatos dos outros dous lugares atopados no arquivo persoal do autor son moito máis breves. Foron atopados en follas soltas manuscritas que ben puideron ser borradores para unha redacción e un mecanografado posteriores que non se conservan. Son puras descrições de voos a Santiago de Chile (1952) e outro que narra sobrevoando Brasil, concretamente sobre a Costa do Nordeste deste país. Neste último caso, ao carecer de indicación de índole temporal, resulta difícil poñerlle data, tendo en conta que esa descrición aérea puido ser realizada en calquera das múltiples viaxes que o levaron a América nas décadas dos 50 e 60.

8 Carta de Valentín Paz-Andrade a Rafael Dieste, desde México, de 29 de outubro de 1954. Arquivo VPA.

9 Carta de Valentín Paz-Andrade a Carlos Maside, desde Bogotá, de 22 de abril de 1955. O periplo ao que se refire corresponde ao texto inédito *Periplo del Pacífico Tropical*, rescatado no arquivo do autor.

10 Calvo, Tucho (2011): *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX*. Cesuras: Biblos, 261.

A recuperación destes textos permitiunos descubrir a imaxe do home que percorre lugares e paisaxes e que deixa constancia dos sentimentos e emocións que nel espertan. Nestes testemuños de Valentín Paz-Andrade resultaría de aplicación o que Miguel A. Lozano Marco afirma no prólogo de *Los Libros de viajes de Miguel de Unamuno*:

[...]Se produce aquí esa íntima relación entre creación y conocimiento: se recorre un lugar, se habita un espacio nuevo imaginando al mismo tiempo, o con posterioridad, aquello observado y vivido. El paisaje, la ciudad, el lugar o la cumbre dependen, ante todo, de la persona que los contempla, y de este modo lo contemplado y recorrido es recreado, es conocido en su esencia, al tiempo que quien contempla se va descubriendo, conociendo y creando a sí mismo. El conocimiento de los lugares es solidario del conocimiento de la propia personalidad de manera que el viaje "externo", el recorrido objetivo a través de la geografía hispana, es una profundización, un viaje interior que lleva a la creación de la propia personalidad [...]¹¹.

No caso dos textos de Valentín, sería a través da xeografía de ultramar: a vida en Norteamérica a través dunha gran metrópole, Nova York; as diferentes culturas precolombinas, as paisaxes, coas súas variadas floras e faunas, dos lugares de México; as descrições do fondo mariño ou a tan ben definida por el como "a despensa do mar" na viaxe polo Pacífico ata as Illas Gorgonas, etc.

Descubrimos así un Valentín Paz-Andrade inédito, anónimo e íntimo, como por exemplo na descrição de la "Muchacha india en el Zócalo", correspondente á serie *Itinerario de ultramar: México*:

La muchacha era una auténtica belleza india. Su rostro reproducía, con impresionante fidelidad, la faz de las esculturas, exhibidas en los museos, como arquetípicos de la mujer zapoteca. Y su rostro es lo que importa en este caso. Nos era conocido como documento de ejemplificación racial, tal como ahora lo encontramos, con su carne tersa y aceitunada, sus perfiles de óvalo agudizado hacia el mentón, sus ojos inclinados, anchos, abisales; su nariz proporcionada, fina, pero naciendo más arriba que la horizontal ocular. Sentada en un banco del Zócalo, su mirada se perdía entre el ir y venir de la gente por el paseo central. Desde los porches que rodean la plaza, el son de las marimbas llenaba y vibraba en el aire de la tarde tropical. La muchacha, en

11 Llorens García, Ramón F. (1991): *Los libros de viajes de Miguel de Unamuno*. Alicante: Caja de Ahorros Provincial.

compañía de otra sin notoria afinidad en sus rasgos, hablaba poco, pero reía menos.

Si quisiéramos destacar de su rostro el rasgo más expresivo no podríamos descartar como tal el de la tristeza. Son siempre los ojos verdaderos exponentes orgánicos del lenguaje íntimo, en el que la alegría y la tristeza no son más que formas externas de una situación del alma. Una situación que puede ser eventual, mudable o puede ser tendencial, alimentada por una raíz profunda. Si tuviera que definir la tristeza de aquella india, llegada a Veracruz o a Puebla, a México o a Guadalajara, desde cualquier pueblo del Estado de Chiapas, diría que era estructural. Diría que en aquel bello ejemplar humano aún no se derramó suficientemente la capacidad de la belleza del espíritu, cuya manifestación más directa es la satisfacción moral, la alegría¹².

Se hai unha característica común na maioría dos textos atopados é a referencia continua a Galicia: as súas xentes, os seus persoeiros, os seus feitos históricos ou a súa paisaxe, que son mencionados de xeito frecuente. Así, como veremos a continuación, Galicia será a protagonista en moitos sentidos. A alusión é, ás veces, anecdótica, como en “Jalisco: Nueva Galicia y Galicia” que forma parte tamén de *Itinerario de Ultramar: México*:

Jalisco viene de jal: piedra granulada. Un sucedáneo volcánico del granito, como es Jalisco un sucedáneo toponímico de Nueva Galicia. Después de doce décadas largas de independencia política, es interesante observar, como las tierras conquistadas por Oñate y Nuño de Guzmán, se mantienen bastante fieles a su nombre colonial.

Jalisco es la denominación oficial. Es, además, el nombre de exportación, difundido por medio del celuloide y del disco, que anda saltando alegremente, día y noche, en las cuerdas vocales de los mariachis. Nueva Galicia, en cambio, se conserva como un apelativo entrañable. Es la voz binominal del recuerdo. No resiste, como Nuevo León, en la fachada del Estado federado. Resiste, en cambio, en el corazón de las gentes. En el rótulo de las tiendas, el título del mejor colegio, en hoteles principales, compañías de seguros, bancos...

Los naturales del Estado de Jalisco, no se llaman jalistecas. En cambio, gustan de llamarse gallegos, o neo-gallegos. Y de bailar colectivamente, alrededor de sombrero jarano, la danza regional –el jarabe tapatío– con el ritmo y el giro de la *muiñeira*.

12 García López, Emilia (ed.) (2013): *Diarios de viaje. Los itinerarios inéditos de América, 1952-1955*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora. 76-77.

Al igual que la vieja, Nueva Galicia tiene su Compostela, pequeña ciudad del Valle de Banderas. Como es una Compostela sin Santiago, quedó eclipsada por Guadalajara, capital arzobispal y administrativa, hoy la segunda de la República Mexicana.

La Vieja Galicia no aportó solamente a la Nueva un elemento del folklore, que andando el tiempo habría de desenvolverse con exceso. Aportó algo más fundamental para su cultura: el carro campesino, el *carrizo cantareiro* que aún gime en las *corredoiras* gallegas. Aquí, en cambio, desempeñó un papel liberador, una misión de alto humanitarismo.

Lo introdujo en estos agros rumorosos de maizales maduros, el que después había de ser Beato Aparicio. Cuando emigró de A Gudiña, era *carreteiro*. Ejercía su resignado oficio, en mansa colaboración con una pareja de bueyes, entre el Valle de Monterrey y la Terra do Bolo. Aquí continuó aquel aprendizaje de santidad, para redimir con su ejemplo a los indios tamemes. Una clase servil de cargadores, utilizados para el transporte, durante siglos, antes de conocerse en América la rueda y el caballo. Entre los tamemes reclutaban los conquistadores sus encomenderos, mientras no lograron generalizar aquellos fundamentales elementos de la civilización europea. La redención aun hoy no parece totalmente consumada pues los chamulas, del Estado de Chiapas, han llegado a consustancializarse tanto con su oficio, que lastran con piedras sus espaldas, cuando les falta carga de retorno.

Aunque Nueva Galicia llega al Pacífico, no posee ríos, como la Vieja. Aquí el mar interior es cerrado y dulce. Algo así como una imponente tumoración líquida, sobrevenida en el cuerpo del río Lerma, mutilado dos o tres veces por convulsiones sísmicas, antes de llegar al océano. Así tuvo nacimiento múltiple el Lago de Chapala. Sobre sus aguas vuelan en fila los tordos y en bandada las galletas, pero bajo la ondulada capa verdosa, vive el pejerrey más sabroso del hemisferio. No nos consuela de la *saudade*¹³.

Noutros casos ten carácter reivindicativo, como en "Éramos tres en Broadway", que forma parte dos textos dedicados a Nova York do relato titulado *Por la ribera del aire. Itinerario americano: Nueva York*:

Éramos tres gallegos.

Entre las tres mil o más butacas bajas del Radio City Music-Hall, como tres gotas de agua en el Hudson. No obstante, cuando la proyección comenzó, también comenzó a disminuir nuestro complejo de inferioridad.

13 García López, Emilia (ed.) (2013): *Diarios de viaxe. Los itinerarios inéditos de América, 1952-1955*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, 101-103.

La película se titulaba así: Brigadoom. Casi Brigancio. Casi Betanzos. Para tres gallegos flotantes en la espesa riada humana de New York, e inopinadamente anclados en la más fastuosa sala de Broadway, el título descubría perspectivas prometedoras.

Así como uno entra en el restaurant, para que le sirvan pámpano empapelado, entra en el cinema para adquirir imágenes. Con el pescado atiende apremios del estómago. Con las imágenes apetencias de los ojos, que son las bocas del alma. Tanto el alimento íctico como el filmico, puede resultar más o menos grato a nuestro paladar, puede ser saboreando con mayor o menor complacencia por nuestra vista.

Una música suave, pero estimulante, ayudaba a intensificar nuestra impregnación en la teoría de las afinidades raciales, que iba desarrollándose en la pantalla. La acción ocurría en la céltica Escocia, de valles profundos y laderas frondosas. En la Escocia pura y rural. Brigadoom, que lo mismo podía ser Bergondo, con sus campesinos endomingados, sus jugosas praderas, sus bosques centenarios..., servía de fondo a la aventura de dos americanos, dedicados al turismo cinegético en tan apartado escenario.

Rompieron a sonar las gaitas tonadas populares. Se improvisaron bailes en el rueiro del lugar, presidido por un crucero de piedra, mientras los viejos se calentaban en torno a la lareira. Otras escenas de feria reproducían el desfile de los campesinos, conduciendo aves, frutos, granados... En los paisajes húmedos y verdescentes, reproducidos con pleno realismo cromático y volumétrico por el cinemascopio perfeccionado, las vacas, marelas como las nuestras, estiraban su testuz por fuera del screen. Como si nos hubiesen reconocido, o si esperasen, en vista del inopinado reencuentro, una caricia de nuestras palmas, sobre sus curvadas ancas.

Aunque la película no era corta, la ilusión duró poco. Los potentes órganos adyacentes a la enorme boca del escenario, abrieron los registros a sus cataratas sonoras. Después, desde el subsuelo, como tripulación sentada en la cubierta de una nave que navegara verticalmente, la orquesta ascendió hasta la rasante prevista. Al alzarse el telón, matemáticamente sincronizadas, ochenta, cien, ciento veinte... juveniles piernas femeninas comenzaron a evolucionar sobre el tablado. Todas torneadas por igual, movidas por el mismo resorte, aunque en diferentes giros, y tan precisas en sus despliegues y en la composición de sus cuadros, que no llegaba uno a apreciar debidamente, si a la armonía de las bases correspondía en belleza lo edificado sobre ellas. Hemos de suponer que sí, pero el automatismo de las chorus girls, relegaba a segundo término la gracia dorada de sus encantos.

Salimos. Tras el inmenso hall de entrada, nos esperaba aún el ardor irisado y fulgurante de las luces de Broadway, que no volvió a impresionarnos. En la

pantalla interior de cada uno, las dispares imágenes que acabábamos de adquirir y alojar en la recámara del recuerdo, así las de celuloide como las de carne y hueso, siguieron sucediéndose unas a otras, durante largo rato. Las primeras, con el ritmo de la vida. Las segundas con el ritmo de la máquina¹⁴.

Do mesmo xeito, casos hai, nos que Galicia é un referente artístico, como se pode ler, na descrición da traxectoria do símbolo de peregrinación a Santiago de Compostela da *coquille de Sant-Jaques*, en Teotihuacán, correspondente ao texto titulado "Los aztecas, el camino del mar", que forma parte da serie titulada polo autor como *Itinerario de Ultramar: México*, entre outros moitos exemplos:

[...] Cuando en el friso de las pirámides de Teotihuacán, entre las múltiples cabezas salientes y dinosaurias de la serpiente emplumada, aparece la concha de la vieira esculpida en los mismos bloques, ninguna razón acude a la nuestra para explicar tan inesperada asociación de símbolos. La valva convexa está tallada con la fidelidad a que nos tiene habituados el cincel compostelano. La función alegórica de sentido religioso, parece también paralela, pero hay algo en que se descubre una correspondencia más aguda: la trayectoria del símbolo, su origen peregrino, tanto de la coquille de Saint Jaques, como del signo mural teotihuacánico, que acaso pretenda representar, refinado por un desenvolvimiento cultural ulterior, la gratitud del trashumante costero a la mano abierta del mar¹⁵.

Estas alusións vense acompañadas, en moitas ocasións, por palabras do idioma galego que advirten e introducen ao lector no *humus cultural* do que parte o autor e que enriquecen de forma notabilísima os relatos.

* * *

Para rematar, quero facer mención dun apuntamento conservado tamén no arquivo persoal do autor que dá conta da importancia que as viaxes de Valentín Paz-Andrade tiveron, xa que estes percorridos favoreceron a posibilidade para el de retomar as relacións cos galegos do exterior: exiliados e coa colectividade de emigrante, tan importantes para dilucidar a historia de Galicia, das décadas dos 50 e 60 do pasado século.

A continuación reproducécese o parágrafo final do discurso pronunciado por

14 García López, Emilia (ed.) (2013): *Diarios de viaje. Los itinerarios inéditos de América, 1952-1955*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, 64-66.

15 García López, Emilia (ed.) (2013): *Diarios de viaje. Los itinerarios inéditos de América, 1952-1955*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, 64-66.

Valentín Paz-Andrade, en decembro de 1954 (na véspera da súa volta a Galicia, finalizado o traballo para a FAO), no Centro Galego de México, no que fai un fervorosa defensa da lingua galega:

[...] E agora, galegos de México, dúas verbas na nosa lingua. Na lingua que nunca foi somentes verbo de labradores e mariñeiros, senón tamén de reis e de trovadores, dos homes do traballo material e do traballo mental; na lingua galaico-portuguesa que, en unión do castelán e do inglés, cubren todo o mapa das Américas.

Somente nesta lingua, no doce e quente verbo que sabe a leite natal, un galego que retorna ao vello lar, despois de peleriñar dous meses e meio pol-os camiños de México, pode valeirar seu curazón nos curazóns dos seus irmaos emigrados; nos curazóns chagados pol-o cravo rosaliano da saudade, que somentes se arrincarará no día xubiloso e lumioso do retorno definitivo a nosa Terra¹⁶.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Calvo, Tucho (2011): *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX*. Cesuras: Biblos Clube de Lectores.
- Carballa, Xan (2012): *Biografía de Valentín Paz-Andrade*. Vigo: Editorial Galaxia.
- García López, Emilia (ed.) (2013): *Diarios de viaxe. Los itinerarios inéditos de América, 1952-1955*. Santiago de Compostela: Alvarellos Editora.
- Llorens García, Ramón F. (1991): *Los libros de viajes de Miguel de Unamuno*. Ali-cante: Caja de Ahorros Provincial.
- Paz-Andrade, Valentín (1997): *Epistolario*. Sada: Edición do Castro. Edición ao coidado de Charo Portela e Isaac Díaz Pardo.
- (2012): *Poesía completa*. Vigo: Edición Xerais de Galicia. Ed. Gregorio Ferreiro Fente.
- (2012): *Canto do pobo disperso*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición de María Xesús Lama López.
- (2012): *Castelao na luz e na sombra*. Vigo: Editorial Galaxia. Edición de Miguel Anxo Seixas Seoane.
- Portela Yáñez, Charo (2012): *Valentín Paz-Andrade: biografía e antoloxía*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

16 Discurso de Valentín Paz-Andrade no Centro Galego de México, decembro de 1954. Arquivo VPA.